

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ADMINISTRATIVO OU ADMINISTRATIVA E REALIZACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Sendo as 09:40 horas do 16 de novembro de 2022, reúnense na Casa da Xuventude do Concello de San Sadurniño os membros do tribunal seleccionador nomeado mediante Resolución de Alcaldía do 18 de outubro de 2022, para a realización da proba de coñecementos da lingua galega.

Están presentes:

Presidenta: Mónica Cebreiro Caneiro

Secretaria suplente: Eiravedra Alba Filgueira Caneiro

Vogais: Francisco Javier Noval Cinza

Francisco Javier Sedes García

A Señora Presidenta declara constituído o tribunal e procédese á realización da proba de coñecementos teóricos.

Procédeuse en primeiro lugar ao chamamento dos aspirantes, comparecendo os seguintes:

| Nº | DNI | APELIDOS | NOME | ACHEGA CELGA 4 |
|----|-----------|---------------------|--------|----------------|
| 1 | ****9292* | FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ | DIEGO | NON |
| 2 | ****9155* | PÉREZ LÓPEZ | HECTOR | NON |

Cando son as 10:02 horas dá comezo a realización da proba de coñecemento da lingua galega, que consiste na tradución dous textos para a súa tradución do galego ó castelán e do castelán ó galego.

Lémbrales aos opositores que de conformidade coas bases reguladoras do proceso selectivo, o tempo de realización da proba é de 30 minutos.

De acordo co previsto na base 8, para garantir o anonimato das persoas aspirantes, entrégaselles ós aspirantes unha folla na que haberán de indicar os seus datos persoais, na que figura un código, que será o que indicarán no exame, inserindo dita folla cos datos identificativos e o código nun sobre pechado.

Cando son as 10:32 horas, dáse por rematada a proba, sen que se teñan producido incidencias a destacar.

O tribunal procede de seguido á corrección da proba.

Segundo as bases, a cualificación será de “apto/a” ou “non apto”.

Realizada a corrección obtense o seguinte resultado:

| Nº | DNI | APELIDOS | NOME | RESULTADO |
|----|-----------|---------------------|--------|-----------|
| 1 | ****9292* | FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ | DIEGO | APTO |
| 2 | ****9155* | PÉREZ LÓPEZ | HECTOR | APTO |

Visto o que antecede, o tribunal acorda por unanimidade:

Primeiro.- Determinar os resultados da proba de coñecemento da lingua galega da fase de oposición, que son os que se insiren de seguido:

| Nº | DNI | APELIDOS | NOME | RESULTADO |
|----|-----------|---------------------|--------|-----------|
| 1 | ****9292* | FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ | DIEGO | APTO |
| 2 | ****9155* | PÉREZ LÓPEZ | HECTOR | APTO |

Segundo.- Que se expoña ao público no Taboleiro de Edictos e na páxina web do concello anuncio do resultado obtido.

Terceiro.- Conceder, de conformidade co establecido nas bases, un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio referido no apartado segundo para a presentación de reclamacións.

Cuarto.- Convocar aos aspirantes aprobados para a realización da 2ª proba de coñecementos teóricos para o día 30 de novembro de 2022, ás 11:00, na Casa da Xuventude do Concello de San Sadurniño.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por terminada, dispoñéndose que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal, ás 11:15 horas do día ao principio indicado, do que eu, como Secretaria, certifico.

